

Os bolos tradicionais galegos: historia e realidade. Patrimonio etnográfico e singularidade dos bolos celtas no Val de Miñor.

Adela Mirás Calvo

Autor para correspondencia: adelamiras@gmail.com

Como citar este artigo: Adela Mirás Calvo (2023). O bolo tradicional galego, historia e realidade. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 31-43

Resumo

Neste traballo faise un percorrido pola historia do xogo dos bolos, que tivo a súa época de esplendor no século XIX, analizando ao mesmo tempo as teorías sobre a súa orixe. Céntrase a atención, na segunda parte, nas modalidades tradicionais de bolos que persisten en Galicia e descríbese a singularidade do bolo celta Val de Miñor, que debe ser posta en valor como patrimonio etnográfico.

Palabras clave: bolos, xogos populares, bolo celta, birlo, Val de Miñor, pasabolo, deporte tradicional, educación física.

Introdución

A presenza do deporte tradicional dos bolos na zona xeográfica do Val de Miñor¹, que se practica na modalidade de bolo celta Val de Miñor, unha modalidade de pasabolo, é un caso singular, tanto pola súa continuidade e presenza ao longo da historia, como pola súa vixente realidade, xa que son 21 os equipos que compiten en dúas ligas, estando o Val inzado de campos de bolos, de xeito que a raiceira e idiosincrasia deste deporte fan que permaneza vivo un patrimonio etnográfico cultural de gran valor.

¹ Os birlos celtas son un xogo tradicional desenvolvido en Galicia. E birlos celtas é o nome patrimonial, como ten afirmado Miguel Anxo Mouriño (2012: 29), “pero a interferencia do castelán substituíu a palabra autóctona, seguramente para sempre, pola foránea de bolos, quedando a pegada da orixinal só no nome dunha das xogadas deste deporte”.

Abstract

This article points out the history of the bowling game which achieved its golden age at XIX century. At the same time, theories about its roots are analysed. In the second part, the attention is focused on traditional modalities still alive in Galicia plus the oddness of “bolo celta Val de Miñor”, calling for value as ethnographic heritage.


Keywords: bowling, popular games, Celtic bowling, birlo, Val de Miñor, pasabolo, traditional sport, physical education.

No presente artigo faise unha busca da posible orixe deste deporte, analizándose a historia dos xogos de bolos e expoñendo as teorías e probas de distintos estudos levados a cabo, entre outros, por autores como Ruíz Alonso (2000) e Rodríguez Fernández (2013).

Na parte final, a autora deste artigo comparte o traballo de recompilación (realizado en 2015 cunha licenza da Xunta de Galicia) das distintas modalidades do bolo tradicional galego e as súas formas de xogo, entre as que se atopa o bolo celta Val de Miñor.

Liña de tempo

Ruiz Alonso (2000), citado por Rodríguez Fernández (2013) na súa tese doutoral, fai referencia ás distintas teo-



rías sobre a orixe do xogo de bolos en España². A continuación describiremos na seguinte liña de tempo argumentos e probas sobre a aparición e evolución deste xogo.

Idade de pedra

Na Idade de pedra, grandes rochas e seixos rodábanse cara a pedras aguzadas e articulacións de ovellas. Tería esta actividade unha motivación soamente utilitaria, como adestramento das súas habilidades de lanzamento e precisión, ou tería tamén un compoñente de fruición? O lanzamento é unha habilidade básica, xunto con correr, gabear, saltar e xirar. Quen non se atopou con pedras de pequeno, ou non tan pequeno, tamaño, e a primeira reacción foi collelas e lanzalas? Da puntería e do lanzamento dependían, ás veces, a súa vida ou a comida conseguida nas xornadas de caza. Os lanzamentos presentan un compoñente atávico de supervivencia, pero, como tamén sabemos, o humano é un ser lúdico. O historiador Huizinga (1938) expón a esencia desta natureza lúdica humana. Poderíamos pensar que á necesidade de supervivencia tamén se lle podería engadir o compoñente de pracer.

Malaisia, Turquía

No museo de San Diego (California, EEUU) existe información sobre un xogo que practicaban os polinesios en Malaisia, no que se derrubaban pequenos bolos elípticos e redondos cuns discos planos de pedra de 10 cm de diámetro. Para o lanzamento había unha norma chamada *ula mayka* que obrigaba a lanzar a 60 pés de distancia.

Outro achado distante xeograficamente a Malaisia tivo lugar na localidade turca de Catal Huyuk, onde descubriron bólas de pedra que datan do 7000 a. C.

² “Sobre a orixe dos xogos de bolos en España existen varias teorías ou hipóteses posibles, como as de orixe céltica, romana ou xermana, aínda que resulta imposible por agora asegurar cal delas é a verdadeira, por falta de datos e documentos escritos sobre o tema”

Exipto

O arqueólogo inglés Sir Flinders Petrie atopou en 1895, nunha tumba en Naraga (Exipto), obxectos similares aos bolos e unhas bólas. Atoparon 9 obxectos con forma de vasos de alabastro e 4 bólas de pórvido branco e negro, cunha antigüidade de 5.200 anos a. C., segundo afirma Bescós (1953)³. Un equipo de arqueólogos italianos descubriu recentemente, en 2007, tamén en Exipto, na zona de Kom Madi, na provincia de Al Faiyum, unha sala similar a unha boleira, e que data da dinastía grecorromana dos Ptolomeos (332 a. C. - 30 d. C.). A sala, sen teito e cun chan cuberto con bloques de granito, ten un carril de 20 cm de profundidade e na súa parte central presenta un burato cadrado. No mesmo lugar atoparon dúas bólas de granito pulido. Na seguinte foto, feita por Edda Bresciani, amósase este descubrimento. Estes achados constitúen unha proba de que existiu un xogo similar aos bolos nesta civilización.

Celtas

O etnólogo vasco Telesforo de Aranzadi, tras estudar a bóla de agarradoira propia do País Vasco, conclúe que, pola área xeográfica que abarca este xogo, desde Asturias a Suíza, e desde o Ebro a Holanda, é patrimonio celta ou precelta. Esquece



³ “Este xogo tivo a súa orixe na máis remota antigüidade. Quizais, antes de que se edificasen as pirámides xa o coñecían os exipcios. En todo caso, parece seguro que os habitantes da conca do Nilo xa o practicaban no ano 5.200 a.C. Cabe a posibilidade de que se divulgase dende Exipto aos vellos pobos mediterráneos”. Citado na tese de Ruíz Alonso (2000).

Galicia, e a falta de probas desta teoría sobre a súa orixe celta fai que os investigadores a consideren como pouco probable.

Grecia e Imperio romano

Presenza na cultura grega

Entre os escritos dun médico grego que viviu no 300 a. C., chamado Oribaso de Pérgamo, consérvase a descrición dun xogo que practicaban os anciáns. Estes reuníanse, rodeábanse de escolares un día determinado no *gymnasium* e competían tirando bólas de diferentes tamaños. Grunfeld (1978) opina que sen dúbida este foi o precursor dos xogos que se practican hoxe en día baixo o nome xenérico de bólas, petanca, bochas e bolos. Outro médico grego recoñecido, Hipócrates, recomendaba no s. III a. C., como exercicio, un xogo de bólas. Atópanse tamén referencias no primeiro libro da *Odisea* de Homero, do s. IX a. C., onde se relata que os pretendentes á man de Penélope entretían a espera con varios xogos, entre eles o xogo de bolos.

Roma

Os romanos embebéronse da cultura grega, e polo tanto, tamén dos seus xogos. Asemade, tamén apareceron xogos coma “o piquet”, un xogo no que se cravaban no chan estacas e se lanzaba para derribalas, ou o xogo dos madeiros, en latín “truncolorum ludus”, que se xogaba na época do César. De feito, Suetonio, no s. II d. C., fálanos de César como xogador de bolos. Espinós (1987) cita entre os costumes dos romanos un xogo similar aos bolos⁴. Pode ser que estes xogos de bolos e bólas se expandisen co imperio romano, como un costume máis do proceso de romanización. De tódolos xeitos, esta tampouco é a teoría máis defendida polos investigadores.

Alemaña. Rito relixioso Kegel.

No século IV, os xermanos levaban un pau, que recibía o nome de *kegel*, e que servía como utensilio de traballo, ademais de para defenderse. Era un pau de forma máis ou menos cónica. Os monxes e relixiosos practicaban un rito ao que chamaban *Heidenwerfen*, ou destrución dos pagáns (*Heide* significa ateo). Personificábase no *kegel*, colocado no chan, o mal, o pagán, e e lanzaban pedras, máis ou menos redondas, co obxectivo de derrubalo. O lugar onde se practicaba era nas igrexas, probablemente nos claustros. Derrubar o *kegel* significaba derrubar o *heide*, o mal, o demo, o pagán. Este rito, iniciado nas igrexas, probablemente evolucionou adquirindo o carácter de divertimento e perdendo a connotación estritamente relixiosa. Producíronse cambios tanto na localización da práctica, pois pasou a xogarse fóra das igrexas, coma nos obxectos lanzados, pois do lanzamento de pedras pasouse ao lanzamento de bólas.

⁴ “Despois de espirse, os homes podían bañarse ou facer exercicios na palestra, onde se practicaban diversos xogos. O máis popular era unha especie de bolos que se xogaban nunha avenida pavimentada, xunto á piscina grande”.

América precolombina

Existe un gravado do 600 d.C., “Escenas de xogos no paraíso da chuvia”, da América precolombina, en Teotihuacán (México), no que se poden ver xogos de pelota, reptación, bolos e natación. Este dato é unha constatación da universalidade do xogo de bolos ou xogos similares a el, pois, como estamos a ver, apareceu en sitios tan distintos e afastados coma Malaisia, Turquía, Exipto, Grecia, Roma, a América precolombina...


O camiño de Santiago

As peregrinacións a Santiago de Compostela iniciáronse no s. IX. Este feito histórico é moi relevante. Ruíz (2000) e outros investigadores (Rodríguez Fernández 2013)⁵, tralo exhaustivo estudo realizado nas súas teses doutorais, consideran como unha teoría probable que os bolos que coñecemos hoxe en día fosen introducidos en España a través do Camiño de Santiago polos peregrinos estranxeiros, e comezarían a xogarse no noso país no s. XI.

Séculos X-XIV

Segundo Braun (1984), coinciden nestes séculos tres factores moi importantes na transmisión de costumes europeos en España, que seguramente contribuirían á introdución do xogo de bolos. Estes factores son:

- O inicio das peregrinacións a través do Camiño de Santiago de Compostela, como acabamos de mencionar, que implicaba a afluencia de moitos peregrinos desde Europa.
- A evolución da industria téxtil no s. XIV, que en Castela acolleu un gran número de artesáns flamencos e holandeses.
- A chegada das dinastías francesas situadas no reino de Navarra e Aragón a finais do s. XIV e no s. XV.



⁵ “As influencias que se puideron recibir doutros países, doutras culturas, son do máis variado posible, e aventurar que o xogo dos bolos é un legado que os peregrinos trouxeron a Galicia non é desatinado, pois os principais lugares onde hoxe en día se conserva este xogo correspóndese con escenarios de paso dos diferentes camiños de Santiago”.



© Museo Catedral de Santiago de Compostela


Houbo daquela un grande intercambio cultural, e os costumes, xogos, divertimentos, serían un legado froito da socialización, das relacións humanas que se establecerían.

O seguinte gravado procede da tese de Ruiz (2000), onde observamos 9 bolos colocados en 3 filas de 3, nun cadro, “Jeu de Quilles”, de Jacques Stella (1657).

En Alemaña, Francia e Inglaterra era un xogo moi popular e comezaron a ditarse ordenanzas, leis e ordes reais con prohibicións sobre a súa práctica, argumentándose que se desatendían os quefaceres diarios, producíanse apostas e liortas arredor do xogo, ou descoidábase a formación militar, que naqueles tempos era tan importante. O incumprimento da norma supoñía o pago de multas, aínda que no caso da prohibición promulgada polo rei Ricardo II, en Inglaterra en 1386, as consecuencias eran máis graves, pois castigábase coa morte aqueles que xogasen aos bolos. Porén, o xogo non desapareceu, e no século XV van declinando as prohibicións e facéndose cada vez máis popular e aceptado, converténdose nunha parte importante da vida social e dos festexos populares.

Séculos XV-XVII

Non podemos esquecer de novo un feito relixioso transcendental na evolución do xogo de bolos: a reforma protestante de Martín Lutero en Alemaña no s. XVI. Foi Lutero o que determinou o número de 9 bolos para o xogo do *kegel*, nacente así unha nova modalidade, moi aceptada e estendida en Alemaña, Holanda e Inglaterra: a modalidade estilo holandés. A relixión volve ser un vehículo para a evolución deste xogo, pois os países de relixión protestante adoptarían esta modalidade, que tamén chegaría a España.



© Museo Catedral de Santiago de Compostela

Na literatura, pintura, tapices, recóllense bastantes alusións ao xogo de bolos, o que nos fai pensar na presenza que tería na cultura popular da época. A primeira referencia literaria en España aparece no s. XV nun poema de Lucas Fernández, recollido por Fernández de Gamboa, que di: “Haré de tus huesos birlos / Deshosart he pieza a pieza / Y bola de tu cabeza”. Tamén aparecen referencias nas obras de Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo, Juan Caro, entre outros; pero destacaremos a do Don Quixote (s. XVII) de Cervantes que fala das calidades de Basilio:

Basilio, que no tiene tantos bienes de fortuna como de naturaleza, pues si va a decir las verdades sin envidia, él es el más ágil mancebo que conocemos, gran tirador de barra, luchador extremado y gran jugador de pelota; corre como un gamo, salta más que una cabra, birla a los bolos como por encantamiento.

No Museo da Catedral de Santiago atopámonos cun tapiz do s. XVII feito a partir dun cadro de David Teniers, o Novo, “Xogo de bolos”, que reflicte a modalidade estilo holandés, con 9 bolos colocados en tres filas, e onde observamos un lanzamento de fase aérea. A fotografía corresponde a unha escena deste tapiz.

Outro dos tapices expostos no museo da catedral de Santiago reflicte unha variante do xogo de bolos.

Chegada a América

Os bolos chegan a América a través dos emigrantes holandeses, entre o 1623 e o 1626, en concreto á cidade de Nova York. Este xogo foi evolucionando, sendo en 1830 cando nace o *bowling*, con 10 bolos en pista, tal e como o coñecemos hoxe en día. O 1º campionato norteamericano de *bowling* celebrouse en 1901 e foi converténdose aos poucos nun deporte de masas, moi popular en América e por todo o mundo.

Século XVIII

Neste século, o xogo dos bolos era un xogo ben coñecido en España, como se reflicte na definición de 1726 do Dicionario de Autoridades e na obra de Jovellanos, quen recolleu os xogos e deportes practicados nesa época, entre



os que describía o xogo de bolos. Defínense dúas formas típicas nos bolos: o bolo inglés, tipo obús, e o francés, de forma troncocónica.

No tapiz “Campesiños xogando aos bolos”, que aínda hoxe engalana as paredes do Palacio Real de Madrid, feito pola Real Fábrica de Tapices e inspirado na obra do pintor francés Michel- Ange Houasse (1680-1730), represéntase unha escena bucólica, onde tanto homes coma mulleres están xogando na praza do vilar. Neste caso é unha muller a que está preparada para facer o lanzamento (Ruíz, 2000)⁶.

Esplendor

O século XIX é o verdadeiro século de esplendor dos bolos en España. No rural xogábase nas prazas das vilas ou a carón da igrexa. Pero en Galicia continuaban aparecendo prohibicións, xa que ao ser unha modalidade de pasabolo, na que o obxectivo do xogo era desprazar o máximo o bolo, producíanse danos nas fachadas ou lesións nos viandantes; feito que provocou o afastamento dos campos de xogo dos núcleos habitados e a necesidade de protección con redes ao final.

A revolución industrial supón o éxodo, o desprazamento poboacional do rural cara ás cidades, a onde tamén se trasladarían os costumes propios, xurdindo campos de bolos nas tabernas dos arrabaldes e dos barrios dos traballadores.

Como dato anecdótico que nos dá unha idea da popularidade deste xogo, está documentado que no ano 1881, nunha estancia en Comillas, Cantabria, o rei Alfonso XII estivo vendo o xogo e fixo unhas boladas.

Guerra civil

Entre 1936 e 1939 prodúcese un parón polo triste enfrontamento civil que sufriu o noso país. Tras este lutuoso período, o xogo rexorde coa creación da Federación Española de Bolos no 1941, en Madrid, converténdose nun

⁶ “Aínda que quizais nun primeiro pensamento sobre os bolos, asociemos dito xogo aos homes e que de forma xeral así é, non é totalmente certo, pois desde hai séculos as mulleres veñen lanzando bólas aos bolos”.

deporte con competicións, evolución das normas e regulamentacións. Porén, a partir dos 50 iníciase o seu declive.

Federacións

Logo da creación da Federación Española de Bolos, pouco a pouco van aparecendo as federacións territoriais. A máis antiga é a Federación Cántabra, que tamén se fundou en 1941, tendo incluso máis historia que a española, pois os seus inicios remóntanse á Federación Bolística Montañesa entre 1919 e 1921. A Federación Asturiana fúndase en 1962 e a Federación Alavesa en 1965. Estes datos indícanos que estas federacións, que son as máis antigas, levan moitos anos promocionando este deporte. En Galicia, fúndase a Federación de Bolos en 1988, pero para promocionar o *bowling*, non sendo ata catro anos máis tarde, 1992, cando se incorpora o bolo celta ou tradicional. Ao aparecer as federacións aparecen os regulamentos, e no caso da modalidade do bolo celta non é ata 1991 cando se fai un regulamento unificado para poder competir no campionato de España. A fotografía que aparece a continuación amosa un grupo de xogadores de bolos celtas, en Madrid, alá polos anos 50.



Foto cedida por José Rodríguez

Bolos na diáspora

A emigración galega espallou o xogo dos bolos naqueles países aos que chegaba, pois formaba parte da súa identidade cultural e, en palabras de José Rodríguez, gran xogador e estudioso deste, hoxe en día, deporte, os emigrantes montaban unha cancha de bolos antes ca un centro social ou cultural⁷. O intercambio cultural sempre é enriquecedor, e aínda na actualidade perdura a práctica dos bolos tradicionais en distintas asociacións e centros culturais de países hispanoamericanos, como Cuba, México, Chile, Uruguai ou Arxentina. Para os emigrantes, os bolos eran un trazo identitario e de seguro axudarían a superar a morriña. No Val de Miñor produciuse no ano 40 unha emigración importante cara a Uruguai e Arxentina, sendo a modalidade do bolo celta Val de Miñor a que transmitiron nos países de destino e a que

⁷ Para ver a entrevista feita a José Rodríguez “O neno” <https://youtu.be/EM5n57ZT6vI>

se xoga aínda hoxe en día (nunha liga e nos campionatos intercontinentais). En Bos Aires xógase no Centro Galicia, no Círculo Social Valle Miñor e no centro Cangas del Narcea, e en Montevideo (Uruguai) no Centro social, cultural e deportivo de bolos Valle Miñor. Outra das modalidades viventes alén do mar é o bolo canteiro, que tamén se xoga no Centro Galicia. Para ilustrar esta realidade, acompañamos a seguinte foto do Campionato Intercontinental de 2012.



Foto cedida por José Rodríguez

A día de hoxe

En España existe unha diversidade importante do xogo de bolos que evolucionou cara ao deporte. Moreno (1983) fala dun censo de 50 modalidades diferentes, onde varía tanto o número de bolos como as formas dos mesmos, as bólas coas que se lanza e mesmo os regulamentos. As que están federadas pódense consultar na páxina web da Federación Española de bolos. <http://www.febolos.es/>. Rodríguez Fernández (2013) manifesta na súa tese que “estamos ante o xogo popular e tradicional máis importante, practicado por todos e en todos os lugares de Galicia e de España”. Se retrocedemos a 1920, indica que o mapa de actividade do xogo se espallaría polos 315 concellos de Galicia, pero a realidade hoxe en día é outra ben distinta. Estase a facer un esforzo de recuperación e preservación en Galicia, a través da figura de protección que supón a Federación Galega de bolos creada en 1992, na súa sección de bolos tradicionais. Este deporte fora esmorecendo nos anos 50 e desaparecendo en moitos lugares, pero hoxe podemos ser optimistas e dicir que rexorde noutros sitios. Ademais, existen en Galicia as seguintes ligas de competición; a Liga Norte, a de Lugo, a Liga sur de bolos celtas Val de Miñor, a Liga de Boiro e a Liga de Ourense, así como distintos campionatos: o campionato intermodal, o campionato galego, o campionato de España e o intercontinental.

As modalidades de xogo en Galicia pertencen á modalidade de pasabolo. En Lugo xógase ao bolo de Xove, ao bolo canteiro e ao bolo en liña. Na Coruña, ao bolo da serra do Barbanza nun único concello, de momento: o de Boiro. En Ourense, ao bolo de Viana, así como unha modalidade de bolo en liña con 9 bolos; singular a de Manzaneda, ademais

da de Mourisca, na que os bolos se colocan en tres filas (distribuídos desta forma: 4-3-2).

Na provincia de Pontevedra, na zona de Ponte Sampaio, Pazos de Borbén, Soutomaior e Fornelos de Montes, tamén as características do xogo son singulares: o lugar de lanzamento da bóla está nun foso bastante profundo.

En Pontevedra hai que destacar o Val de Miñor, onde se xoga ao bolo celta Val de Miñor e onde máis se practica, sendo unha realidade a súa práctica federada, con 21 equipos que xogan distribuídos en dúas ligas.

Concellos onde aínda existe a práctica dos bolos celtas.

Relación de concellos con actividade de bolo tradicional no ano 2014 (Rodríguez Fernández & *al.* 2024):

- Na provincia da Coruña, o concello de Boiro.
- Na provincia de Lugo mantíñase a actividade nos concellos de Barreiros, Xove, Sober, A Pastoriza, Ribadeo, Trabada, Riotorto, A Pontenova, Meira, Castro de Rei, Cospeito, Navia de Suarna, Mondoñedo, Lourenzá, Pantón, Chantada, Quiroga e Ribas de Sil. Os sinalados en vermello tamén participaban na Liga Norte de competición.
- Na provincia de Ourense, os concellos con actividade eran Viana do Bolo, A Veiga, O Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Parada de Sil, A Rúa, Manzaneda, Barco de Valdeorras, Vilarinho de Conso, Carballeda de Valdeorras, Rubiá.
- Na provincia de Pontevedra a relación de concellos era a seguinte: Nigrán, Baiona, Gondomar, Vigo, Tomiño, A Guarda, O Rosal, Oia, Pontevedra, Soutomaior, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes.





Fotos propias, agás a do bolo de Viana, que foi feita por Carlos G. Hervella.

Os puntos en vermello do mapa indican os concellos que participaban nalgũa das ligas oficiais de bolos, cun total de 27 clubs rexistrados na federación.

Existen ademais outras variedades de xogos de bolos celtas, con cadanseu regulamento e características diferenciais, que están contemplados en Costas Goberna & Rodríguez González (2000). Entre eles están o xogo de cinco en Vila-chán do Monte (Tomiño) e Burgueira (Oia), xogo de nove de Oia, xogo de sete de Loureza (Oia), xogo de sete de Fornelos (O Rosal) e xogo de trece do Rosal .

Na seguinte fotografía están ilustradas as distintas modalidades da competición intermodal xogadas en 2017.

Singularidade do bolo celta Val de Miñor

Pasado, presente e futuro do bolo celta Val de Miñor. Como proba do seu pasado, atopamos esta autorización do Goberno Civil para realizar partidas no local propiedade de Juan Nande Otero, con data do mes de xullo do ano 1940. No presente, as competicións en liga (algunhas retransmitidas xa en *streaming*, adaptándose aos tempos) e a presenza en festas locais ou campañas de difusión do deporte no ámbito escolar son unha realidade. O desiderátum de cara ao futuro é que non desapareza este deporte de alto valor etnográfico, e así xorden iniciativas como a da Federación

Galega de Bolos que está facendo todo o posible para que o bolo celta sexa recoñecido como ben de interese cultural.

A continuación, explícase a modalidade de bolo celta Val de Miñor.




Foto cedida por Juan González Pérez

BOLO CELTA VAL DE MIÑOR.

Modalidades de xogo:

Copa Presidente este é o torneo mais antigo, onde se xogaba un carneiro e un galo, o primeiro levaba o carneiro e o segundo o galo. Hoxe en día, continúaase a tradición.

Grella

PARTIDA			
Xogador/a:	1º chico	2º chico	3º chico
TIRO			
BIRLO			
TOTAL			



Xógase en tripletas, cada equipo compete con tres xogadores. Unha partida son tres xogos, roldas ou chicos. Cada xogo, son tres boladas (tres tiros e tres birlos). O resultado é a suma de tódolos puntos, dos tres compoñentes do equipo.

Liga Xóganse dúas ligas, 1ª e 2ª. En total hai 21 equipos, xogando tódolos fins de semana, desde marzo ata xuño. Tamén hai liga feminina, e liga de categorías inferiores.

O sistema de competición é o seguinte; xogan tres parellas de cada equipo, decídense os cruces ao principio. Cada parella, xogará unha partida a 7 xogos gañados. Gaña o xogo, a primeira parella en chegar aos 90 puntos. Para a puntuación, na clasificación, darase un punto a cada dupleta gañadora.


Hai unha norma que cambia as estratexias no xogo e a forma de competir. Como se acaba de dicir, gaña cada xogo, a **primeira** parella en chegar a 90 puntos, isto implica que “ter a man” é importante.

Que é ter a man: nas parellas de xogo, empezan un de cada equipo a competir entre eles, no tiro e no birlo. Pero hai unha orde alternativa nos lanzamentos. Primeiro o de un equipo (o equipo local empeza) e despois o outro. Pero pode perderse a man, se se fai bola meca (pois non se pode birlar), ou se non se derruba ningún bolo no birlo e o xogador/a do equipo contrario si. Pasando así no seguinte turno, a lanzar en primeiro lugar.



BOLO CELTA VAL DE MIÑOR.

O campo:



BOLO CELTA VAL DE MIÑOR.

No campionato Galego e o de España, xógase co regulamento do Bolo Tinco-celta. Que foi un regulamento consensuado, para unificar as competicións entre os distintos equipos galegos e asturianos, que se miden neste campionato.

Non tódolos anos, pero tamén se xoga o campionato intercontinental, con este regulamento, con países sudamericanos onde todavía se xoga aos bolos celtas, como Uruguay ou Arxentina.

Tamén existe un campionato intermodal galego, onde o bolo celta Val de Miñor é unha das modalidades a xogar.

Material:

Os bolos son de madeira, e con forma de cono, acabado en punta. Cunha lonxitude de 15-16 cms e un peso que oscila entre os 150 e 200 gramos.

As bólas son de madeira ou fibra, e cun diámetro máximo de 16 cm e un peso entre 1,5 e 2,3 Kg.

Para adestrar e nalgún torneo, pode xogarse con bolos de fibra (teflón).

As madeiras máis valoradas son o quebracho (madeira sudamericana) e o buxo, pero son madeiras protexidas, polo que agora as bólas e os bolos, adoitan facerse, de carballo, nespereira, estirpeiro (pereira silvestre), estirpeiro (espiño albar), camelia.

As bólas somérxense en salmoira (auga con sal, algúns botan unha parte de cal), unha vez feitas. O obxectivo desta acción é que a bóla colla peso, e bótaselle sal e nalgúns casos cal, para que non podreza a madeira ao estar mergullada.

Para conservalas, métenas en area mollada ou na salmoira. Antigamente, enterrábanse en lama.

Vocabulario:

- **Dos elementos do xogo:**

Bolo ou birka peza de madeira de forma cónica, rematada en punta (na modalidade Val de Miñor).

No s.XVI aparece a seguinte definición en latín: "Obeliscus ligneus trunculus lusorius" traducido como troncos de madeira, en forma de obelisco.

Bóla do latín bulla (a primeira referencia en España a este termo, aparece no 1400). A palabra francesa bille significaba proxectil, bóla, e ao cruzar os Pireneos foi recibindo en España, outros nomes "billes", "billas", "birllas", "bitllas", "birlas". Estes foron nomes e aínda o son, de distintos xogos de bolos do Alto Aragón e Cataluña.

Pedra ou louse lugar onde se plantan os bolos. Nela están as furas, hoxe en día pintadas, pero antigamente, cando os bolos se facían a machada, e eran inestables, facíanse as marcas da base dos bolos, na pedra.

BOLO CELTA VAL DE MIÑOR.

Cepo de madeira: elemento onde se “baten” ou “mazan” as bólas, para escollelas ben da auga, se se lavaron, ou da terra. Adoita ser unha cachopa.

Auga: antes de lanzar, a maioría dos xogadores, lavan as súas bólas, e para iso, nos campos hai tinas ou pías con auga.

Liña de 10 ou birlo: liña semicircular, situada a unha distancia mínima de 21 m. desde o centro da pedra.

Rede: elemento de protección da saída dos bolos, para evitar danos as persoas, e limitar a perda de bolos. Estará situada a 2 m. da liña de 10 e a unha altura mínima de 3 m.

Zona de birlo: situada nunha esquina da liña de 10. É o lugar desde onde se birla.

- **Accións do xogo:**

Plantar: acción de colocar os bolos na pedra.

Tirar: lanzar a bóla desde o tiro, en fase aérea, coa intención de derrubar o maior número de bolos.

Birlar: acción de lanzar a bóla desde o birlo, rodando cara aos bolos, tentando derrubalos. En Oia e Tomiño dise birla.

Perder a man: se se fai bóla meca ou gata, non se ten dereito a birlar, polo que se perde a man. E a outra forma de perder a man é se non se derruban bolos no birlo, e o adversario si. Con esta norma xógase na Liga e campionatos Galego e de España.

- **Respecto ao tanteo:**

Bóla branca: bóla que sobrepasando a liña de 10, no lanzamento de tiro, non derrubou ningún bolo.

Bóla meca ou bola gata: mecar, aniñar. A bóla non sobrepasa a liña de 10, tralo tiro. Isto implica que non puntúa ningún bolo, no caso de que algún se tirara, e fai “perder a man”, no caso de que se estivese en posesión dela. Se é bóla meca, as veces mófanse do xogador/a, pintando unha ovella, na grella de puntos, ou faise o beo da ovella.

Partida: unha partida está composta de xogos, roldas ou chicos, cada xogo está composto de boladas ou tiradas, cada bolada está composta dun tiro e dun birlo. Dependendo da modalidade de competición, o número de xogos e boladas varía. Por exemplo, na liga xógase ao primeiro que chega a 7 xogos de 90 puntos, e na Copa Presidente en cambio a tres xogos, de tres boladas cada xogo.

Xogo ou chico: conxunto de boladas ou tiradas (tiro+birlo), que constitúen o xogo.

Bolada ou tirada: suma dos puntos das dúas fases, a do tiro e a do birlo.

BOLO CELTA VAL DE MIÑOR.

Tiro: puntúan os bolos derrubados, se a bóla non é meca. Un punto por cada bolo. Pero se algún bolo pasa a liña de 10, estes puntúan 10. Unha boa xogada son 36 puntos, con dous bolos que sobrepasen a liña de 10. Pasar 3 bolos, é a mellor das xogadas, e a expresión “máis 9” é para avisar ao que apunta, que se pasaron os 3 bolos, o que supón 45 puntos (36+9).

Birlo: puntúa 1 tanto, cada bolo derrubado.

- **Respecto á técnica:**

Topear: A bóla, queda curta no tiro, e golpea a pedra antes .

Salir toureira: bóla larga, saíu moi alta.

Darlle nas puntas, ou nas orellas: rózase o bolo, golpéase do medio do bolo cara arriba.

Levou nas cabezas: cando se golpea o bolo, pola parte do medio, cara abaixo

Rapañar: efecto dominó que se produce nos bolos, no golpeo.

Tiro de cachete: técnica de lanzamento de arriba, cara abaixo.

Tiro de levante: fai alusión a unha técnica específica de lanzamento.

Foi dada nas furas, foi dada na madre, castigar a bóla: son expresións que se din cando se realizou un bo golpe.

Se tes interese en afondar noutras modalidades de bolos tradicionais galegos, poderás acceder á información a través do seguinte código QR.



Referencias bibliográficas

- BESCOS, A. (1953). *Juego internacional de bolos*. Editorial Molino, Barcelona.
- BRAUN, J. (1984). *Bolos y Cultura*. Artes Gráficas Resma. Santander.
- COSTAS GOBERNA, F.J. & RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, J.M. (2000). Os xogos de Birlos no Suroeste de Galicia (Val Miño e Baixo Miño). *Glaucois* 6: 147-174.
- ESPINÓS, J, P. MASIÁ, D. SÁNCHEZ & M.VILAR (1987). *Así vivían los Romanos*. Editorial Anaya. Madrid.
- FERNÁNDEZ, LUCAS (1867). *Farsas y églogas al modo y estilo pastoril y castellano fechas por Lucas Fernández salmantino*. Real Academia Española. Madrid.
- GRUNFELD, F.V. (1978). *Juegos de todo el mundo*. UNICEF. Edilan. Madrid.
- HUIZINGA, J. (1938). *Homo ludens*. Ed. Alianza. Madrid.
- MORENO, C. (1982). *Un estudio documental sobre modalidades del juego tradicional de bolos en España*. Memoria de Licenciatura de Educación Física no INEF de Madrid.
- MOURIÑO, M.A. (2012). Da paisaxe xeográfica e humana. In Méixome Quinteiro, C. & Soliño Troncoso, A. (Eds.). *Retallos de Gondomar de Miño*. 25-30. Instituto Estudos Miñoaráns. Gondomar
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, J. E. (2013). *O estudo do xogo dos bolos en Boiro: Aspectos históricos, estado actual de práctica e perspectivas de futuro*. 1-494. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, J. E., PAZOS COUTO, J. M., & PALACIOS AGUILAR, J. (2014). El juego de bolos de Boiro: La necesidad de reglamentación de una modalidad de pasabolo atípica en España. *Revista digital de Educación Física EmásF* 28: 17-43. http://emasf2.webcindario.com/NUMERO_28_EMASF.pdf
- RUIZ ALONSO, J. G. (2000). *Estudio de los bolos en Asturias: Aspectos histórico-culturales, modalidades, elementos y materiales de juego: Estado actual de su práctica*. 1-452. Tesis doctoral. Universidad de Granada.

Webgrafía

- Vídeos relacionados co bolo tradicional galego – Adela Mirás. <https://www.youtube.com/channel/UCBXJn5CiagQcl-6TjqOnYdLA/videos> Accedido 16 de novembro de 2023.
- Modalidades de bolos tradicionais en Galicia. Adela Mirás <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalminor/?q=node/520> Accedido 16 de novembro de 2023
- Federación galega de bolos. <https://federaciongallegabolos.wordpress.com/historia/> Accedido 16 de novembro de 2023.
- Asociación galega do xogo popular e tradicional – AGXPT <http://agxpt.gal/> Accedido 16 de novembro de 2023
- Bolos Parada de Sil | BRINQUEDIA <http://brinquedia.net/web/?cat=82>. Accedido 16 de novembro de 2023
- Bolos de Parada de Sil <https://osil.info/xogo-de-bolos-de-parada-de-sil-un-conto-de-mestres/> Accedido 16 de novembro de 2023
- Federación Española de Bolos <https://febolos.es/> Accedido 16 de novembro de 2023
- Museo Etnolúdico de Galicia | museomelga.com. <http://www.museomelga.com/>. Accedido 16 de novembro de 2023
- Eijo Barrio Mario/ El juego de los Bolos en Xove <https://bolosxove.files.wordpress.com/2009/10/g.pdf> Accedido 16 de novembro de 2023
- Blog de Xogos tradicionais de Muimenta <http://xotramu.blogspot.com.es/> Accedido 16 de novembro de 2023.